

Guía didáctica



Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Autoras: Ana Miranda Saburido

Jessica Miranda Saburido

LICENZA DE ESTUDOS 2017/2018

Modalidade 2- Grupos de traballo para a creación de materiais
curriculares dixitais.

INDICE

1. Introducción - xustificación	3
2. Relación de obxectivos, contidos e competencias clave a desenvolver.	4
3. Secuenciación didáctica –actividades.	7
4. Metodoloxía	11
5. Avaliación	13

1. Introducción - xustificación

A **intelixencia musical** é a habilidade para apreciar, discriminar, transformar e expresar as formas musicais, así como para ser sensible ao ritmo, ao ton e ao timbre. Algúns dos seus sistemas simbólicos son as notacións musicais. Segundo **Gardner**, a intelixencia musical pódese manifestar nos primeiros anos de vida, antes de recibir ningún tipo de instrución, aínda que é necesario o esforzo e a constancia no ámbito familiar e escolar para desenvolve-la. É unha das primeiras intelixencias que se desenvolve.

Relaciónase coa Intelixencia Lóxica matemática e coas Intelixencias visual-espacial e Cinestésica corporal. Calquera individuo normal que escoite desde pequeno música con certa frecuencia pode manipular o ton, o ritmo e o timbre para participar con certa soltura en actividades musicais, incluíndo a composición, o canto ou, ata tocar algún instrumento.

MUSIGAL está dirixido á **materia de música dentro da área de Educación Artística en Primaria**, enfocado principalmente para **6º de Primaria**, xa que os contidos desenvolto son os recollidos para o currículo deste nivel.

A materia de Música trabállase combinando **teoría e práctica**, facendo fincapé nesta última. Esta área é idónea para o **emprego das Tics**, tanto para a procura de información como para a realización de actividades de autoformación. Este proxecto vai dirixido ao **desenvolvemento do Bloque 1: A escoita, do Bloque 2: A interpretación musical e do Bloque 3: A música, o movemento e a danza**. Xa que considero que o material presentado vai ser esencial para o reforzo e ampliación de contidos traballados na aula, e hai **moi pouco material interactivo sobre a materia de música en galego, e en concreto sobre o folclore galego para a interpretación con instrumental escolar nestes cursos de primaria**.

O que se pretende con este material, é **favorecer o traballo persoal** do alumnado á hora de desenvolver a materia a nivel práctico, mediante a aproximación a pezas representativas do noso folclore, para o seu estudo contextualizado, conservación e transmisións ás xeracións posteriores. Este traballo realizarase mediante o traballo de textos relacionados con cada unha das pezas e a práctica instrumental de cada unha delas, tanto individual como colectivamente.

2. Relación de obxectivos, contidos e competencias clave a desenvolver.

Os **Obxectivos xerais** que se traballarán mediante este proxecto son:

- Desenvolver mecanismos de sensibilidade estética e a creación artísticas para promover a percepción e a expresión de ideas, emocións, sentimentos e vivencias.
- Formar progresivamente o sentido estético persoal como recurso para apreciar e valorar elementos constitutivos das artes e obras verdadeiramente artísticas; desenvolver o xuízo crítico e o posicionamento pluralista na aproximación ás obras artísticas e ás autoras e autores.
- Indagar nas posibilidades do son, da imaxe e do movemento como elementos de representación e de comunicación e utilízalas para expresar ideas e sentimentos, contribuíndo con iso ao equilibrio afectivo e á relación coas demais persoas.
- Explorar e coñecer materiais e instrumentos diversos e adquirir códigos e técnicas específicas das diferentes linguaxes artísticas para utilízalos con fins expresivos e comunicativos.
- Aplicar os coñecementos artísticos na observación e na análise de situacións e de obxectos da realidade cotiá e de diferentes manifestacións do mundo da arte e da cultura para comprendelos mellor e formar un gusto propio.
- Manter unha actitude de busca persoal e colectiva, articulando a percepción, a imaxinación, a indagación e a sensibilidade e reflexionando á hora de realizar e gozar de diferentes producións artísticas.
- Recoñecer que as diversas manifestacións da arte e da cultura son fonte de coñecemento, foron realizadas por homes e por mulleres e reflicten a súa experiencia e percepción da vida.
- Valorar e compartir manifestacións artísticas do patrimonio cultural galego apreciando a súa riqueza e diversidade e comprometéndose na súa defensa, conservación e difusión.
- Coñecer e valorar diferentes manifestacións artísticas do patrimonio cultural doutros pobos, colaborando na conservación e renovación das formas de expresión locais e nacionais e estimando o enriquecemento que supón o intercambio con persoas de diferentes culturas que comparten un mesmo contorno.
- Desenvolver unha relación de autoconfianza coa produción artística persoal, respectando as creacións propias e as das outras persoas, cunha actitude de interese e

de admiración polo distinto e/ou novo, sabendo recibir e expresar críticas e opinións, e utilizándoas como recurso para a mellora.

- Participar activamente en producións artísticas de forma cooperativa, asumindo distintas funcións e colaborando na resolución dos problemas que se presenten para conseguir un produto final o máis satisfactorio posible.

Os **contidos curriculares e competencias** a desenvolver **en cada un dos OA** son os que se anuncian a continuación:

ÁREA	EDUCACIÓN MUSICAL	SEXTO CURSO		
Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C.C
BLOQUE 1. ESCOITA				
j b e	B1.1. Audición de música contemporánea, e investigación e valoración das posibilidades do son. B1.2. Identificación e apreciación das calidades dos sons do contexto.	B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son, de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias.	EMB1.1.1. Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario preciso.	CC EC CCL CAA
b e o	B1.3. Identificación e apreciación de formas musicais sinxelas. B1.4. Identificación a través da escoita de tipos de voces (soprano, contralto, tenor e baixo), instrumentos, variacións e contrastes de velocidade. B1.5. Valoración e interese pola música de diferentes épocas e culturas, nomeadamente a galega.	B1.2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.	EMB1.2.1. Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais, con capacidade para emitir unha valoración destas. EMB1.2.2. Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízalas como marco de referencia para as creacións propias.	CC EC CAA CCL CSI EE CAA
h a d	B1.6. Audición activa e comentada de música variada da nosa cultura e doutras culturas. B1.7. Actitude atenta, silenciosa e respectuosa durante a audición de música e/ou na asistencia a representacións musicais. B1.8. Indagación sobre as normas que regulan a propiedade intelectual. Valoración e presentación dos resultados.	B1.3. Coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas, para valorar o patrimonio musical, valorando a importancia do seu mantemento e da súa difusión, e do respecto co que deben afrontar as audicións e as representacións.	EMB1.3.1. Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. EMB1.3.2. Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual canto á reprodución e a copia de obras musicais.	CS C CC EC CS C CC EC

BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN INSTRUMENTAL				
j e k	B2.1. Exploración das posibilidades sonoras e expresivas da voz.	B2.1. Entender a voz como instrumento e recurso expresivo, partindo da canción e das súas posibilidades para interpretar, crear e improvisar.	EMB2.1.1. Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas, e recreaas.	CC EC CAA CCL
j b	B2.2. Interpretación de pezas con instrumentos de aula e/ou frauta doce.	B2.2. Interpretar composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando tanto as achegas das demais persoas como a persoa que asuma a dirección.	EMB2.2.1. Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz, e agrupacións vocais e instrumentais.	CC EC CAA
	B2.3. Interpretación, memorización e improvisación guiada de cancións a unha ou varias voces, desenvolvendo progresivamente a dicción, a afinación e a técnica vocal. Canon.		EMB2.2.2. Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.	CC EC
	B2.4. Recoñecemento de tipos de instrumentos acústicos e electrónicos, agrupacións instrumentais e vocais, e rexistros da voz.		EMB2.2.3. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.	CC EC
	B2.5. Utilización das grafías convencionais na lectura, na escritura e na interpretación de cancións e de pezas instrumentais sinxelas.		EMB2.2.4. Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento	CAA CC EC
	B2.6. Gravación e rexistro das interpretacións para unha valoración e unha análise posteriores.		EMB2.2.5. Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, e valora a súa achega ao enriquecemento persoal, social e cultural.	CAA CC EC
	B2.7. Interese pola mellora do proceso de interpretación e do resultado final.		EMB2.2.6. Aмосa respecto polo traballo das demais persoas e responsabilidade no traballo individual e colectivo.	CS C
	B2.8. Traballo cooperativo, asumindo as responsabilidades que lle correspondan e respectando as achegas das demais persoas do grupo.		EMB2.2.7. Analiza as interpretacións feitas, recoñece erros e amosa interese por traballar para corríxilos.	CAA
i j	B2.9. Creación de mensaxes musicais con contido expresivo, combinando elementos sonoros e corporais diversos.	B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	EMB2.3.1. Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais.	CC EC CAA
	B2.10. Utilización dos medios de comunicación e de internet para a procura de información, en soporte impreso e dixital, sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais de interese.		EMB2.3.2. Presenta e expón a información de xeito claro, ordenado e limpo en varios soportes.	CAA CD
	B2.11. Exploración das posibilidades sonoras e expresivas dos medios audiovisuais e			

	tecnolóxicos para comunicar. Creación de cuñas radiofónicas e videoanuncios. B2.12. Utilización dos medios audiovisuais e dos recursos informáticos para a sonorización de imaxes, contos, poemas e refráns, dobraxe de películas etc., e para a creación de producións propias.		EMB2.3.3. Utiliza os medios audiovisuais e recursos informáticos para crear pezas musicais e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.	CD CC EC
BLOQUE 3. MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA				
j b h/ d o	B3.1. Identificación do corpo como instrumento. Indagación e valoración sobre as posibilidades expresivas e comunicativas do corpo en distintas representacións artísticas ou situacións cotiás. B3.2. Valoración e recoñecemento das danzas e a súa contribución ao noso patrimonio artístico e cultural. B3.3. Interpretación de danzas coidando a coordinación individual e colectiva. B3.4. Invención de coreografías sinxelas para cancións e pezas musicais de diferentes estilos. B3.5. Gravación e rexistro das danzas interpretadas. Análise de valoración do produto.	B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, valorar a súa achega ao patrimonio, e gozar coa súa interpretación como unha forma de interacción social.	EMB3.1.1. Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.	CA A CC EC
			EMB3.1.2. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.	CC EC
			EMB3.1.3. Coñece danzas de distintas épocas e lugares, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.	CC EC
			EMB3.1.4. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais españolas, e entende a importancia da súa continuidade e o traslado ás xeracións futuras.	CS C CC EC
			EMB3.1.5. Inventa coreografías de grupo que corresponden coa forma interna dunha obra musical e supón unha orde espacial e temporal.	CA A CC EC
			EMB3.1.6. Analiza as danzas realizadas, recoñece os erros e amosa interese por mellorar o produto.	CA A
			EMB3.1.7. Respecta o traballo en grupo e participa nel de xeito prazenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas.	CA A CS C
			EMB3.1.8. Aмосa respecto polas demais persoas e colaboración con elas.	CS C

3. Secuenciación didáctica –actividades.

Musical está dividido en sete unidades temáticas. Ao premer co rato no título de cada unidade, aparece unha páxina de presentación, e á esquerda temos un menú con tres seccións ben diferenciadas. Tamén se pode navegar por todo o método premendo na

ligazón "Anterior" ou "Seguinte", que aparece á dereita nas esquinas inferiores e superiores de cada páxina. A continuación explícase o funcionamento de cada unha das seccións.

- ✓ **Historia**
- ✓ **Letra**
- ✓ **Musicalización**
- ✓ **Actividades**

Historia

Icona indicadora do comezo dun texto introdutorio sobre o estilo musical ou a peza en cuestión. Esta imaxe ademáis abre o documento pdf para sobre a historia do estilo ou peza musical.



Ao finalizar esta sección atoparemos un apartado que contén este documento en formato pdf, para poder gardar ou imprimir o arquivo.



Letra







Icona indicadora da letra da canción. Esta imaxe ademáis abre o documento pdf coa letra da peza.





Ao finalizar esta sección atoparemos un apartado que contén este documento en formato pdf, para poder gardar ou imprimir o arquivo.



Musicalización


<p>Imaxe indicadora do comezo da sección de máis importancia e peso do recurso. A instrumentación da peza.</p>		<p>Neste apartado atoparedes todo o necesario para interpretar o Himno Galego con diferentes instrumentos</p> 
PARTITURAS	<p>Neste apartado atoparemos un vídeo cunha partitura interactiva para cada un dos instrumentos do conxunto instrumental. Podemos ver o vídeo da partitura en pantalla completa.</p>	
	<p>Adxúntase a partitura en pdf para cada un dos instrumentos do conxunto.</p>	
AUDIOS	<p>Esta icona indica o comezo da sección dos audios de cada un dos instrumentos.</p>	
	<p>Podremos escoitar a interpretación da peza por cada un dos instrumentos do conxunto. Premendo sobre o símbolo de "play" escoitarase a audición correspondente. No reprodutor podemos subir o volume ou parar a reprodución utilizando o botón esquerdo do rato.</p>	
	<p>Adxúntase o audio en mp3 de cada un dos instrumentos do conxunto para a súa descarga. Para descargar o arquivo debemos premer sobre o enlace co botón dereito do rato e seleccionar "Gardar destino como"</p>	

<p>PLAYBACK</p>	<p>Agora é a quenda para que o alumno/a interprete as partituras como solista, co acompañamento instrumental do resto da orquestra. Cada vídeo volve mostrar a partitura, pero agora cada un é o solista. Podemos ver o vídeo en pantalla completa.</p> <p>Adxúntase o vídeo en mp4 para cada un dos instrumentos.</p> <p>Para descargar o arquivo debemos premer sobre o enlace co botón dereito do rato e seleccionar "Gardar destino como"</p>	 
<p>PERSONALIZA A PARTITURA</p>	<p>Neste apartado podemos descargar o arquivo en formato .mscz para abrilo co programa de edición gratuito Muscore e poder modificalo ao noso gusto, adaptándoo ao grupo no que se vaia a traballar.</p>	<p>Personaliza o Himno</p>

Actividades




Polo carácter primordialmente práctico do recurso Musical, este apartado atoparemos actividades de reforzo e ampliación de cada unidade. Por exemplo:

Actividades de escolla múltiple. Neste caso, trátase de escoller a opción correcta de acordo co traballado na unidade en cuestión. Se marcamos co rato a opción correcta, aparecerá a mensaxe en verde "Correcto".



Actividades de Verdadeiro/falso



<p>Actividades en formato pdf para imprimir</p>	<p>INSTRUMENTOS POPULARES</p> 
<p>Preguntas de selección múltiple nas que escollamos varias opcións correctas.</p>	
<p>Actividades despregables, nas que poderemos escoller a palabra axeitada para encher o oco.</p>	

4. Metodoloxía

O recurso Musigal ten formato de páxina web, sinxela e atractiva.

Os contidos deste recurso teñen como finalidade ser empregados como **recurso didáctico** tanto dentro coma fóra da aula de música.

O idóneo sería que se empregase un **ordenador** conectado a unha **PDI** e un **bo equipo de son** como **apoio á exposición/explicación** dalgúns contidos, para que o alumnado poida facer un seguimento colectivo dos mesmos, e logo continuar co **traballo pormenorizado de cada unha das pezas**.

Un aspecto importante a destacar neste tipo de material, é que o alumnado poderá repasar dende a casa os contidos e actividades traballados na aula. No caso de non contar cun ordenador ou conexión a internet, dende a páxina web poderemos descargar todo o material para o seu uso offline (**partituras, audios, vídeos...**).

Mediante a descarga do material, cada alumno/a poderá traballar as partituras ao seu ritmo, as veces que queira e á velocidade que lle resulte máis convinte, xa que diversos

reprodutores como o VLC Media Player permiten seleccionar á velocidade á que queremos que se reproduza do audio ou vídeo reproducido. Do seguinte xeito:



Tanto as cancións elixidas, como as partituras e actividades interactivas de reforzo están **adaptadas ao nivel** do terceiro ciclo de Primaria, especialmente para 6º de Primaria, pero como pensamos que as pezas tradicionais escollidas poden ser de interese para calquer idade, incluímos neste recurso unha sección adicada sobre todo a mestres e mestras de educación musical que queiran modificar e facer seu os arranxos musicais. Neste caso, todos aqueles que queiran realizar modificacións nos arranxos, poderán descargar os arquivo de traballo en formato .mscz (do Musescore) para adaptalo ao grupo co que desexen traballar. (Sección *Personaliza....*) Exemplo:



5. Avaliación

Musigal é un recurso de carácter primordialmente práctico, a práctica da linguaxe musical, instrumental e vocal do alumnado co fin último do goce coa práctica musical. Polo tanto, a avaliación do alumnado e do recurso farase principalmente mediante observación directa e grabación dos resultados finais (en actuacións públicas ou interpretacións privadas).

A maiores, como actividades de reforzo e ampliación, recolleemos unha serie de actividades interactivas nas que a web permite que o alumnado traballe de forma autónoma. Os exercicios de autocorrección son variados (Verdadeiro/Falso, a-b-c, textos con ocos para completar).

Ao realizar os exercicios, o alumno pode descubrir se as súas respostas son correctas ou non. Pode volver a realizar os exercicios para mellorar as súas competencias.